NA ESCOLA

Mércores, 23 de novembro de 1988 — La Región — Núm. 18

Profesión: ensinante

O profesor constitúe un elemento básico no proceso de ensino-aprendizaxe. De ahí que a profesionalización e formación dos docentes sexa un dos problemas máis complexos e de máis difícil solución para acadar unha mellora na calidade da escola. Calquera proposta de innovación ou reforma fracasará se non é plenamente comprendida e aceptada polos docentes, por iso serán prioritarias as accións que estimulen a formación dun profesorado competente e comprometido coa renovación educativa.

Somos plenamente conscentes de que os profesores teñen que enfrentarse con situacións de profunda complexidade e responder a elas de forma eficaz, tomando as decisións oportunas que lle permitan conseguir os obxectivos que se propoñan nas diversas facetas que deberá desenvolver no seu traballo.

Por outra parte resulta evidente que a situación social cambiante na que vivimos está influindo no sistema escolar. Acorde coa sociedade actual a escola vai evocionando e esixe cambios no papel do profesor que terá que asumir novas responsabilidades e deixar a un lado as vellas normas. Irremediablemente as circunstancias políticas, económicas, culturais... promoven importantes transformacións no mundo do ensino dando lugar a múltiples debates nos que se van perfilando diversas alternativas.

Entre os expertos neste tema, recoñécense, en consonancia coas correntes en formación do profesorado, cinco modelos de profesor que, pola súa relevancia ó especificar o rol, actitudes, competencias, habilidades..., que deben poseer os ensinantes nas diferentes perspectivas, parécenos interesante comentar.

Cabe advertir que estes enfoques son teóricos, é dicir, na práctica resultaría difícil atopar profesores que se axeitaran a cada modelo. Por outra parte tampouco sería iso o desexable, senón que o ideal será tomar o mellor de cada modelo co cal perfilaríanse as características do bo ensinante:

Culturalista:

O papel do profesor é o de transmisor de coñecimentos. O bo profesor é o que domina os contidos da súa disciplina. O alumno é como unha cunca valeira que hai que encher.

Humanista:

O profesor ten que ser un orientador e facilitador da aprendizaxe. Valórase a capacidade comunicativa que permita a interación alumno-profesor. Adapta e cambia o currículum en función das experiencias e percepcións dos alumnos.

Técnico:

O profesor é un executor eficiente que domina as destrezas e competencias para desenrolar a conducta máis axeitada en cada situación. O importante é acadar os resultados que se estiman oportunos.

Socioloxicista:

O profesor é considerado como un axente do cambio social. Dase prioridade á adquisición dos instrumentos necesarios para o coñecimento crítico da realidade e das estratexias que permitan intervir sobre ela para transformala.

Investigador

O profesor é un procesador activo de información, reflexivo e crítico coa súa tarefa; que toma decisións seleccionando as posibilidades que ten ó seu alcance.

E un innovador do currículum que reflexiona sobre a práctica desenrolando a súa acción a través da investigación na aula.

Parece pois que eiquí se reflexan, en síntesis, as características máis apropiadas dos diferentes modelos: a formación científico-cultural do modelo culturalista; a valoración e aceptación positiva do alumno, do modelo humanista; as destrezas e competencias do modelo técnico e a capacidade crítica e de compromiso do modelo socioloxicista.

Unha tarefa difícil

A pesar do atractivo que resulta o panorama que se describe nesta última proposta, as esixencias que conleva son poucos menos que insalvables. As dificultades de tipo burocrático-administrativo, e sobre todo formativo, explican, ainda que non xustifican, a falta de experiencias e proxectos de investigacións nas aulas.

Pero nalgúns casos é un problema de actitudes: os docentes perciben os cambios como amenazas e prefiren refuxiarse na rutina por medo a que se rompa o equilibrio establecido. Pero non deben aceptar pasivamente o camiño que lles impoñen. A súa tarefa non debe reducirse a "cumplir", guiándose en ocasións pola intuición.

Resulta difícil optar por outras vías cando a formación (tanto inicial como permanente) non é axustada porque se realizou as máis das veces alonxada da realidade da escola, da práctica cotián que desenvolven os profesores.

Pensamos que algúns destes problemas sólo poderán acadar algunha mellora cando a escola como lugar de traballo do profesor e os alumnos sexa obxecto preferente de análise e estudio, superando unha formación teoricista, tecnicista e destinada básicamente a dar títulos. Pola contra é necesario ofrecer situacións educacionais que permitan coñecer e seleccionar os materiais, recursos e medios que posibiliten un ensino creativo, crítico e científico. E preciso, además, estar ó día nas innovacións que se producen nos contidos, na metodoloxía, nas técnicas, etc. para adaptalas a cada realidade á luz da propia experiencia.

En resume, o problema da calidade da escola sólo se resolverá de xeito superficial ata que sexa abordado sistemáticamente a través dunha estratexia de formación que posibilite dotar ós ensinantes das ferramentas intelectuais que lles permitan asumir as súas arduas tarefas.

Mercedes González Sanmamed

O MEC repite curso: tarde, mal e arrastras

Dempois do moi deficiente que levou o MEC o ano pasado tanto en xuño como en septembro, o MEC, repite curso, e non vai por moi bon camiño no presente. A oferta que presentou a derradeira semán difícilmente será aprobada polo profesorado.

Aparte da proposta, o seu comportamento deixa moito que desexar. Non convoca a Mesa Estatal de Negociación e fainos trampa ao negociar o acordo coa mesa de Territorio MEC, negando as tan cacareadas competencias plenas das autonomías.

O documento que conta con 29 folios, compre leelo enteiro, e non somentes os aspectos retributivos que é o primeiro capítulo. Nos outros fálase de temas tan importantes comoa o Concurso de Traslados en EXB, a Formación Permanente do profesorado, do profesorado interino e con destino provisional, da Responsabiloidade civil, da xornada laboral e do calendario escolar, etc.

Retribucións

E o meu entender positivo o achegamento entre a oferta e as demandas do acordo de mínimos, como se vé no cadro. O problema mais grave é o ponto seis deste capítulo que transcribo literal: "las partes firmantes del presente acuerdo coinciden en la necesidad de abordar la reforma del sistema retributivo del personal docente, de acuerdo entre otros, con los siguientes principios: que dicho sistema esté integrado en el sistema retributivo general de los funcionarios públicos, recogiendo las especificidades de la función docente; y que las retribuciones de los docentes estén homologadas con las que perciben los funcionarios de igual categoría".

Está claro, a cambio de homologación, Carreira Docente. Coido que o profesorado fai un mal negocio.

Se ben é certo que modifícanse aspectos do Real Decreto do Consello de Ministros de 1 de xullo do 88 (conxelación dos complementos específicos para Coordinación de Formación, Orientación, Educación e Emprego así como a reabsorción en septembro do 90 dos C. Específicos de EPA e Compensatoria), é de considerar que estanse a manter a suba do 20% para cargos directivos, xefaturas de seminario, coordenadores, etc. E isto significa admitir, con iste acordo unha vía de xerarquización "ministerial" de Centros, a través de directivos ben pagos da súa fidelidade a Administración, xa que tal suba non foi cuestionada polos sindicatos da Mesa, cousa que non é de extranar posto que tal principio de diferenciación retributiva ten o seu oríxen no acordo do 3 de febreiro do 87 que eles mesmos firmaron.

OFERTA MEC 11–XI–88
AUMENTOS NAS DATAS QUE SE INDICAN

		1-IX-89	1-I-89	1-IX-89	1-I-90	1-VI-90	1-IX-90	Aumentos totais	No 90
EXB	C.D.	6.808	3.810		425			11.043	23.163
	C.E.			3.000	120	2.250	6.750	12.120	
AGREG.	C.D.	7.380	4.136		461			11.977	24.097
	C.E.			3.000	120	2.250	6.750	12.120	
CAT.	C.D.	7.956	318		331			8.605	27.314
	C.E.	1.092	5.200	3.000	328	2.250	6.750	17.528	

b) **Concurso de traslados**

O MEC asume a discusión sobre os aspectos técnicos do Concurso como: o dereito de concurrencia; a aceptación como especialidade dos ciclos Inicial e Medio, a elaboración da relación de postos de traballo e os criterios de adscripción a esas especialidades antes da convocatoria do concurso de traslados, así como que a especialidade podase habilitar pola esperiencia.

Pola contra o Acordo só conten criterios xerais que encaixan no anteproxecto de concurso de traslados que tentaba implantar o MEC iste ano e que foi rexeitado polas Comunidades Autónomas.

Neste concurso como xa viñamos denunciando, potenciase obsesivamente a puntuación aos postos directivos, postos de traballo na Administración Educativa así como cursiños e titulos, mantendose a imposibilidade de controlar a pontoación do conxunto do profesorado para evitar irregularidades.

En ningún caso resolvese a situación dos provisionais.

Clarifícase que os postos de caracter singular serán EPA, Compensatoria, Apoio a integración CENGEBAD, xefe de departamento de Orientación. Estes postos terán baremo propio e diferente do concurso único.

Mantense o principio de reconversión do profesorado e dos Centros de EXB. En caso de supresión de Unidades, quedarán na localidade se hai prazas e senon na localidade mais próxima, tendo en última instancia que ir ao Concurso xeral.

c) **Formación permanente do profesorado**

O MEC presentará un plan de Formación do Profesorado para os próximos seis anos, ligado a Reforma do Sistema Educativo.

Aumentarase a dotación dos CEPS en profesorado e medios (320 licencias por estúdios e o 50% mais o curso seguinte. Reconversión de 400 profesores de FP durante o 89-90 e o 30% mais no 90-91. Financiación de 200 proxectos de claustros ou equipos de profesores, aumentando un 50% para o próximo ano).

Ademais aparecen xeneralidades sobre apoios a MRP e cursillos de didáctica específicas.

Non aparece claro en ningún lugar que a Formación do profesorado farase con cargo ao Ministerio nin dentro do horario laboral.

d) **Interinos**

Neste tema, as reivindicacións quedan lonxe do acordo: Primeiro, aplazase a igualdade salarial para o 91, e, segundo, non se garante a estabilidade do colectivo.

Recolle como positivo que terá dereito a cobrar o verán que traballe seis meses. Este acordo, está a considerable distancia dos conseguidos no PV, Catalunya, Euzkadi, Andalucía, Canarias e Galicia.

e) **Provisionais**

Simple declaración de intencións por parte do MEC, de disminuir o número de provisionais, sen explicitar nin a formula nin a cuantía nin os plazos.

f) **Responsabilidade civil**

O MEC comprometese a promover a modificación dos artigos 22 do Código Penal e 1903 do Código Civil na linea de que se exima ao profesorado de responsabilidade civil, pero pasando esta a Institución Educativa. ¿Por qué non di Adminsitración Educativa?. ¿Pasaría ao director?.

g) **Condicións de traballo**

Declaración de intencións sobre o estúdio de enfermedades profesionais e creación de un ambíguo Plan de prevención Formación e Constitución de un Comité de Saúde e Hixiene, Seguridade e Condicións de Traballo.

Proposta aos orgaos de MUFACE e Seguridade Social para a cobertura de enfermidades profesionais.

h) **Xornada**

Declaración de intención de que en breve plazo negociarase sobre: xornada continuada, reducción de horario lectivo para os maiores de 55 anos, mantendo o seu horario de permanencia no centro. Non existe nengún compromiso de resolver estas reivindicacións.

i) **Calendario escolar**

Declaración de intencións para adecuar o calendario escolar a Comunidade Económica Europea, espaciando as vacacións.

j) **Comisión de seguimento**

Constituiráse unha comisión formada polos firmantes de seguimento dos acordos.

Ameto de aplicación

Será de Territorio MEC a pesar do cal afectará ós funcionarios docentes de todo o Estado, quedando patente unha vez mais a chapuza de esta mesa de negociación.

Todo isto implica a necesidade de establecer unha verdadeira negociación coa Consellería sobre estes temas así como a constitución da Mesa Xeral de Educación, na que estén presentes as diferentes Adminitracións e as correspondentes representacións sindicais.

David Cortón

NA ESCOLA

Suplemento do ensino de **La Región** (Ourense).

Consello de pedagogos asesores:
Xosé Manuel Cid (coordinador)
Mercedes Suárez Pazos
Mariló Candedo
Mercedes González Sanmamed
Manolita Garrido
David Cortón

Colabora:
Nova Escola Galega

Maqueta:
Departamento de diseño de **La Región.**

Asociarse en autobús

As comparacións son sempre, ou caseque sempre, odiosas. Máis neste caso compre facer unha reflexión ó fío dunha curiosa coincidencia. Un autobús similar –dous pisos, decoración ad hoc e megafonía– ó que xa circula por ahí, co patrocinio do Consello da Xuventude de Galicia, e que se ten dado en chamar "Autobús Xoven" facía recentemente campaña polas estradas galegas da "Conta Xoven", especimen do crédito/aforro promovido por unha entidade bancaria.

En ámbolos dous casos desenvólvense estratexias de márqueting cun obxectivo común: A captación de vontades xuvenís, nun caso para a especulación monetaria do que-facil-é-gastar e noutro para estimular a sacrosanta, ó parecer, obriga de asociarse. Nos dous casos está claro: mellor xuntos, pidamos créditos ó traverso dunha conta feita á medida das necesidades xuvenís, e, además, engrosemos as filas das imprescindibles, protectoras e enervantes asociacións xuvenís.

Persistindo na nosa teima comparativa tomaremos outra pequena licencia que por non chamar poética, chamaremos parapoética. Paulo Freire, pedagogo bermelloso que cicais coñezan no Consello da Xuventude, calificaba de Educación Bançaria –e educación non é somentes aquelo que se desenvolve no sistema educativo– a aquela que se limitaba a introducir nos suxetos receptores e pasivos moreas de datos inconexos, desvencellados da súa realidade e condición social e, polo tanto, dirixidos a adormecer a súa capacidade crítica e transformadora. Comparando, comparando...¿non estaremos asistindo a unha política de "asociacionismo bancario"?. ¿Non se estará intentando incrementar o número de xóvenes asociados como quen xoga co IPC, aumenta o PIB ou disminúe as estadísticas de desemprego xuvenil?. Eu teño 100 mil afiliados e tí somente 99.999...¿Por qué non facemos unha campaña para que tí teñas 100 mil e eu 100 mil un?. Vale.

E probable, dende logo, que os procesos de captación de afiliados viaxen cómodamente en autobús e máis si é de dous pisos. Pero malamente o poden facer os procesos bastante máis complexos de toma de conciencia, de transformación, de acción social diante de problemas reais. Ninguén se asocia por que lle digan que se asocie e si o fai será máis un afiliado que un asociado, é dicir, un número.

Di Toni Puig, pope eminente nesto da animación xuvenil, que o márqueting é necesario e incluso imprescindible para poñer en marcha iniciativas, pero tamén dí que a iniciativa non pode ser o márqueting mesmo. Nos engadiríamos, co seu permiso, que esto sería algo así como vender aire ou suscribi-la xente a un periódico que na realidade non existe. ¿Onde están os programas concretos que se van a lanzar para, por exemplo, promover a conciencia social e a participación efectiva dos xóvenes da zona rural, ou dos xóvenes que demandan o seu primeiro emprego, ou dos xóvenes da periferia urbán que non teñen outra alternativa que a litrona e a rúa...?.

Ben é certo que esta non é unha responsabilidade exclusiva do Consello da Xuventude. A inhibición da maior parte das corporacións locais –unhas porque non poden e outras porque non lles interesa–, a descoordinación entre as Consellerías do Goberno Autónomo para definir unha política de xuventude integral que permita aproveitar os inxentes recursos que ofrece o Fondo Social Europeo, o márqueting rancio dagunhas diputacións provinciais...fan que todo estéa por facer –en serio–.

Por si alguén ten curiosidade por saber de onde saen estas reflexións compre aclarar que traballo nun equipo do que se da en chamar animación xuvenil, animación socio-cultural de xóvenes ou, por propoñer outra máis imaxinativa, animación socioxuvenil de culturas –escóllase ó gusto do consumidor–, e ademais no medio rural.



Cando dende o noso curruncho enterámonos da "movida" do "Autobús Xóven" puxémonos a cabilar. Inicialmente chegamos á conclusión de que se trataba da idea luminosa dun empresario discotequero do rural para adornar e promocionar os autobuses de recollida de fin-de-semán para encher de xeito máis eficaz a súa discoteca-macro/abrevadero (non polos clientes sinón polo que se bebe); hai que ter en conta que a idea se lles ocurríu antes a eles, xa se sabe que o que non consigue a "política de xuventude" consígueo a economía do libre mercado e a iniciativa privada: ter a todos os xóvenes da comarca mellor xuntos, contentos e un pouco colocados (lembremos tamén o exemplo da "Conta Xoven"). Rexeitada esta primeira hipótese e xa con máis información pensamos na posible visita do Autobús Xoven, pero de seguido calibramos as imposibilidades físico-espaciais de metelos dous pisos por aldeas e lugares. Estirando un pouco as neuronas parimos a idea de facer unha campaña similar dirixida únicamente o medio rural: o "Carro Xoven" ou, para integrarnos na modernidade que nos invade, un "Todo Terreno Turbo-Diesel Xoven".

Nas aldeas dixeronnos que sí, pero que eles queren un futbolín.

Pablo A. Meira Cartea.
Pedagogo.

CANCIONEIRO CALENDARIO

Novembro:

"Castañas, noces e viño
fan a ledicia do S. Martiño"
"Quen non ten mañas
non come castañas"
(Popular)

Cantigas:

O carballo dá castañas
o castiñeiro ceréixas
o pexegueiro da horta
está cargado de ameixas.

Na outra banda do río
ten meu pai un castiñeiro
dá castañas no agosto
e uvas brancas no xaneiro.

Na horta da miña casa
hai viña e un castiñeiro,
teño uvas no outubro
e castañas no novembro.

No día do San Martiño
facémo-la gran fogueira
voan ó ceo faíscas
da nube gris da fumeira.

Trabalinguas:

Cascorro– quería - casca-la – castaña– mollada.
Castaña– mollada– non casca– Cascorro–
se queres– cascala– primeiro– terás– que secala.

Adiviñas:

Alto me vexo,
no meu capelexo,
por unha risada
quedeime sen nada.

Alto, alto estou
color de ouro teño
por unha risada
perdín o meu empeño.

Suxerencias:

Dous grupos de nenos recitarán os refráns, primeiro por separado e logo en amalgama percibindo o contraste de voces dramatizando de xeitos diferentes.

Distingui-lo verdadeiro do falso nas frases das cantigas. Comprensión e razonamento do texto. Amplia-lo vocabulario observando palabras que son da mesma familia Explo: fumo, fumeira, lume, lumeira etc.

Recoñecer palabras que se parecen buscando a rima.

Acompaña-la cantiga con un instrumento de percusión, e no seu defecto con algún obxecto co que se poida percutir.

Acompaña-lo trabalinguas con percusión corporal empregando catro niveis de altura: pes, pernas, palmas, pitos...

Expresar plásticamente a historia dunha castaña.

María Saúde J.F.

O cinema psicopedadogico e a sua utilidade

Organizado polo MRP galego "ASPGP" comezou o pasado luns na nossa cidade o denominado "II Ciclo de cinema psicopedagogico". Este ciclo danos pê para falar da utlidade didatica do cinema psicupedagogico. Ainda que seja discutivel, e existan criterio cinematograficos que não concordan con esta teoria, o cinema pode-se analizar em base aos diferentes generos cinematograficos: cinema negro ou policiaco, cinema historico, cinema ecologico, cinema de humor, cinema de aventuras, cinema de ciencia-ficção, "westerm", comedia, cinema clasico, cinema etnografico e antropologico, documentalismo, cinema antimperialista, cinema fantastico, etc. Como vemos têm-se utilizado muitas denominações para falar de un determinado tipo de cinema, em base à sua tematica a tembem em base à estruturação da sua linguagem especifica. E hai tambem un cinema de suspense (pense-se por exemplo os extraordinarios filmes de Hitchcock), un cinema literario e, como não?, un cinema a psicopedagogico. Outra cousa seria falar do cinema como meio didatico no ensino, tema que deixaremos para outra ocasião, ou da importancia de ensinar a nenos/as e moçocs/as nas escolas a linguagem filmica, toda vez que vivimos em uma grande importancia, e cada vez mais.

Cinema pedagogico

Desde que os irmaos Lumière inventaron esta arte, que logo chegou a ser realmente importante entre as demais artes, até hoje, existe já uma enorme lista de filmes realizados em diversos paises e por uma grande quantidade de diretores. O que tem provocado a edição de muito e variados livros sobre directores, filmes, generos cinematograficos, teoria filmica, etc. Pois bem, em ecsa ampla listagem de filmes existe um bom numero de eles que aportam uma tematica que pode enriquecer o campo da psicologia e a pedagogia. E, o que é mais importante, ao ser projetados podem provocar interessantes "cinemaforos" para analizar o seu argumento desde a perspectiva das ciencias da educação. Aind não se em elaborado uma listagem de peliculas con tematica psicopedagogica, tirada de aqueles tcatalogos mais completos de filmes realizados até o momento, o que seria de grande utilidade sobre todo para os que trabalhamos nos diferentes de partamentos das Ciencias da Educação. Pois tambem se poderiam em muitos casoso aproveitar tais informações para escolher videos nos "videoclubes", agora que cada vez mais são editadas fitas de video da mais variada tematica. E, por suposto, tambem de tematica psicopedagogica. Quen sempre viriam bem para ser utilizados nas aulas por profesores de Teoria da educação, de Psicologia ou de Didatica geral.

Existem numerosos fimes que no seu argumento e na sua acção apresentam temas tam interessantes desde o ponto de vista psicopedadogico como: as relações entre pais e fihos, as relações profesores-alunos, as relações entre os nenos, as relações entre os jovens, a rebeldia de juventude, po papel do profesor na sociedade, o ensino dos nenos com difeciencias psiquicas ou fisicas, a problematica da educação dos nenos/as abandodonados/as, a importancia da herencia e do ambiente na educações, a educação religiosa negativa e a sua influencia, a problematica psicologica nas relações humanas, a educaçã&o ecologica,a importancia do jogo e das actuividades ludicas, o inconformismo dosmoços e das moças, os problemas da disciplina e indisciplina nas escolas, os miodelos socioculturais a transmitir por meio do ensino, e incloso o humor no ensino. Existem exemplos de filmes em todas as epocas, no cimnema mudo e no ceinema falado, no cinema clasico e no ceinema moderno, no cinema da nova onda francesa e no novo cinema britanico, no novo cinema alemã e no cinema neorrrealista italiano. E, por suposto, tambem nipo cinema norteamericano.

Estamos a pensar agora em filmes e itulos e sem pretender agotar o tema, o que seria ademais muito dificil, lembramo-nos de: "O pequeno selvagem" de F. Truffaut e de este mesmo director francê "Os quatrocentos golpes" (por certo editado em video); "O eniga de Gaspar Hauser" do elamã Wernes Hergog; "Rebelde sem causa" de Nicholas Ray, "Ao este do Edem" de Elia Kazan, "hugo e Josefina" de '. Grede, "Ivana ao ataque" de J. Pinkava, "A arvore dos zocos" de E. Olmi, "Tatuaje" de› J. Schaaz, "Freud" de J. Huston, "O outro" de R.Mulligan, "O jovem Törless" de V.Schlöndorff, "Amarcord", de Fellini, "O anjo azul" de J. von Sternberg, "Tortura" de A. Sjöberg, "As tentações de Benedetto" de N. Mnfredi, "If" de T. Richardson, etc.

Tematicas dos filmes do ciclo

O ciclo de cinem psicopedagogico que se está a desemvolver em esta semana na Casa da Cultura da rua do Concelho, com asisitencia livre e gratuita, e pensado especialmente para profesores de todos os niveis, pais de alunos, APAS e estudantes de Pedagogia e Magisterio, está composto dos seguintes filmes, com a sua correspondente tematica:

1) O compromiso do professor como modelo para os seus alunos: **"Esta terra é minha"** de Jean Renoir (dia 21 às 22,45 horas).

2) A educaça&o de nenos deficientes em um centro especial: **"Warrendale"** do canadiano Allan Kong (dia 22 à 20,15 horas).

3) O papel educador do pai e as relações paternofiliais: **"Apa" (Pai)** do hungaro Istvan Szaho (día 23 às 20,15 horas).

4) A adopção de nenos abandonados e a problematica da sua educação: **A infancia nua"** de Maurice Pialat (dia 24 à 20,15 horas).

5) A rebeldia e inconformismo dos jovens e especialmente das universitarios. **A soedade di corredor de fundo"** de Tony Richardson (dia 25 às 20 horas).

Por José Paz Rodriguez
(Presidente de ASPGP)

NOVAS

Xornadas sobre reforma educativa: Oganizadas polo SGTE e a Consellería de Educación, vanse celebrar no Instituto de Bacharelato do Barco os próximos días 23 e 24 de Novembro.

–Na **Escola Universitaria de E.X.B.** expóñense traballos dos alumnos da Escola de Imaxe e Son de Benposta, dentro do Outono Fotográfico 88.

–Xa está na rua o último número de **"Cuadernos de Pedagogía",** que ten como tema monográfico "Os direitos humáns".

–O **Concello de Ourense-INEM,** dentro do curso de animación socio-cultural, celebrou o pasado sábado 19 unhas "Xornadas de dibuxo familiar" sobre o tema "A miña cidade".

–O Concello da Coruña convoca unha praza de técnico de Educación en réximen laboral fixo. O prazo de solicitudes remata 20 días naturais a partir da publicación no B.O.E. do día 7 de Novembro. As bases da convocatoria están publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Coruña do día 10 de Outubro:

As colaboracións para esta sección pódense enviar a:

Mercedes Suárez Pazos.
Colexio Universitario, Progreso 35.
32003 Ourense.

TAMEN SABEMOS QUE...

–Trasladan as especialidades do Instituto Politécnico 12 de octubre, pero non trasladan os talleres.

–Seguen a roubar nos Colexios por falta de medidas de seguridade axeitadas (roubos recentes nos C.P. de Beariz e Irixo).

–Noticias do quinto Instituto: os alumnos/as seguen hacinados nun vello colexio de E.X.B. con instalacións semiruinosas.

–O estado da cancha de deportes do **C. P. de Sarreaus** constitue un grave perigo para os escolares, pois ten un forte desnivel de 2 metros. Non parece que as autoridades educativas teñan pensado allanar o terreo.

GARABULLINO

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.

- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

-Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO Y COMERCIO

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

plan avanza